

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025268	IES As Telleiras	Narón	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Cultura audiovisual	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

1. Introducción

A materia de Cultura Audiovisual impartirase no bacharelato de artes, concretamente en 1º curso. Pode tamén impartirse como optativa noutros bacharelatos como é o caso do noso Centro. É polo tanto unha materia de esencial importancia porque é a única que van ter neste periodo escolar relacionada directamente co medio audiovisual. Unha porcentaxe importante destes alumnos veñen xa especialmente interesados e predispostos para cursar esta parte do currículo, do bacharelato de artes, e moitos outros van despertar o seu interese ó coñecela e estudala. Non podemos esquecer que de todos eles algúns van facer do audiovisual o seu medio de vida profesional. Así que debemos tratar de poñer á súa disposición todos os medios tecnolóxicos posibles, sempre en colaboración co equipo directivo, para que as súas ferramentas de traballo estén actualizadas. Temos tamén que servirles de inspiración e axudalos a coñecer as producións audiovisuais de todos os tempos, sempre con entusiasmo e admiración cara a materia, para servirles de acicate. É unha materia moi práctica na súa metodoloxía e moi útil, en xeral, para a vida cotiá, que sen dúbida van disfrutar.

A creación audiovisual forma parte esencial tanto, da expresión artística contemporánea coma, en maior medida aínda, da comunicación mediática que caracteriza a nosa época, polo que entendela resulta útil para desenvolverse no mundo que nos rodea. A materia de Cultura Audiovisual contribúe a iso, xa que lle facilita ao alumnado unhas ferramentas válidas para o procesamento crítico da información audiovisual que lle chega desde múltiples vías e, ademais, proporciónalles os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para elaborar as súas propias producións audiovisuais. Para isto último, débense ter en conta os múltiples aspectos que se interrelacionan neste terreo: guión, produción, fotografía, iluminación, son, interpretación, dirección de arte, montaxe etc., todo iso dentro dunha experiencia complexa de traballo colaborativo, o que implica poñer en funcionamento diferentes procesos cognitivos, culturais, emocionais e afectivos. Igualmente, a práctica audiovisual pon en marcha o pensamento creativo e diverxente do alumnado, o que propicia o desenvolvemento dos valores e o enriquecemento da súa identidade persoal.

Na súa aprendizaxe audiovisual, é conveniente que os alumnos e as alumnas investiguen as solucións que os distintos creadores e creadoras expuxeron en situacións análogas ás que eles mesmos se poden atopar nas súas propias producións, o que permite incidir nun procedemento de traballo que comunica tanto o procesamento crítico da información audiovisual como a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes para realizar proxectos propios. Do mesmo xeito, a análise de producións audiovisuais de diferentes épocas e culturas axudaralles a coñecer o patrimonio audiovisual global e a familiarizarse con numerosas referencias, o que permitirá establecer vínculos con outras disciplinas artísticas, ademais de enriquecer as creacións propias.

En canto ao proceso creativo, resulta importante distinguir entre as pezas con vontade de autoexpresión persoal (como aquelas que se difunden e se fomentan especialmente polas redes sociais e ás que o alumnado adoita estar habituado) e as producións audiovisuais cuns propósitos comunicativos concretos e que impliquen unha mensaxe e uns destinatarios previamente definidos fóra do ámbito persoal. En ambos os casos, a materia de Cultura Audiovisual préstalle unha especial atención á procura da orixinalidade, á espontaneidade na expresión de ideas, sentimentos e emocións a través dunha linguaxe inclusiva e respectuosa e á innovación e ao pensamento crítico e autocrítico. Para iso, dada a natureza híbrida do medio audiovisual, é indispensable apropiarse e controlar os aspectos técnicos de diferentes disciplinas, as súas ferramentas e as súas linguaxes. O alumnado debe aprender a comunicarse con este medio facendo súa a idea do erro ou do fracaso como aprendizaxe e estimulando o desexo de expresar unha visión do mundo propia a través de producións audiovisuais. A análise e a avaliación de todo este proceso permitiralle tomar conciencia do audiovisual como medio de coñecemento e de resolución de problemas, facilitando ademais unha aproximación crítica á súa natureza como o principal transmisor de ideas e contidos no mundo contemporáneo. Esta materia, en definitiva, contribúe de forma decisiva á educación da mirada.

Todo o anterior atópase na orixe dos obxectivos da materia Cultura Audiovisual, que emanan dos obxectivos xerais da etapa e das competencias clave previstas para a etapa de bacharelato, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal e escrita, a dixitalización, a convivencia a ou a interculturalidade.

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o seu grao de consecución por parte do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos estrutúranse en catro bloques. O primeiro, "Fitos e contemporaneidade na

fotografía e o audiovisual. Formatos audiovisuais", recolle os saberes relacionados coa historia destes medios e a súa situación actual, así como os diversos formatos que xerou o audiovisual. O segundo bloque, titulado "Elementos formais e capacidade expresiva da imaxe fotográfica e a linguaxe audiovisual", comprende os elementos gramaticais e expresivos esenciais para realizar unha análise formal ou as funcións da imaxe. O terceiro bloque, "Narrativa audiovisual", abarca os aspectos necesarios para a creación dun relato audiovisual. Por último, "A produción audiovisual. Técnicas e procedementos" inclúe a planificación por fases, os medios técnicos e a difusión dunha produción audiovisual, así como as técnicas necesarias para o traballo en equipo e a avaliación das producións.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar imaxes fotográficas fixas e producións audiovisuais de distintos estilos, formatos, xéneros e culturas, valorando as súas calidades plásticas, formais e semánticas, e reflexionando sobre a historia de ambos os medios, para desenvolver o criterio estético, valorar o patrimonio, ampliar as posibilidades de gozar e enriquecer o imaxinario propio.	1-2	1	2	1				1-2
OBX2 - Elaborar producións audiovisuais individuais ou colectivas empregando a propia presenza na imaxe e a banda de son, e avaliando o rigor ético e formal dos procedementos, para expresar e comunicar ideas, opinións e sentimentos e construír unha personalidade creativa aberta, ampla e diversa.		1		3	11-12	3	3	31-32
OBX3 - Seleccionar e utilizar as técnicas, ferramentas e convencións da linguaxe e da produción audiovisual, tendo en conta todos os seus aspectos (guión, planificación, interpretación, gravación, edición, etc.) para realizar creacións audiovisuais de forma colectiva e aprender a desenvolverse en circunstancias diversas.		1	3	2-3	31		2	41-42
OBX4 - Determinar o público destinatario dunha produción audiovisual, analizando as súas características e atendendo ao propósito da obra para adoptar a linguaxe, o formato e os medios técnicos máis adecuados, e seleccionar as vías de difusión máis oportunas.		1	3	2-3	50		3	41-42

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A fotografía e o cinema.	Historia da fotografía e o cine. Evolución da técnica e da linguaxe fotográfica e audiovisual. Principais correntes e creadores.	12	15	X		
2	O audiovisual na sociedade contemporánea.	As manifestacións fotográficas e audiovisuais na actualidade. Os medios de comunicación convencionais e Internet. Principais formatos audiovisuais: curta, media e longametraxe de ficción, documental, serie, ensaio fílmico, formatos televisivos, videoclip, anuncio, vídeo educativo, corporativo e institucional, formatos asociados ás redes sociais... Funcións da imaxe audiovisual.	12	15	X		
3	A linguaxe audiovisual e o medios técnicos.	Descrición e valor expresivo dos tipos de plano, tomas, ángulos visuais e movementos físicos e ópticos de cámara. Exposición, enfoque, encadramento, profundidade de campo. Composición para imaxe fixa e para imaxe en movemento.	12	15	X		
4	Iluminación e cor na fotografía e no cinema.	Conceptos básicos sobre iluminación. Simbología e psicoloxía da cor. Uso nas grandes obras de arte fotográficas e cinematográficas. Posibilidades do retoque dixital.	9	15		X	
5	Narrativa audiovisual: contar historias a través das imaxes.	O guión literario. Fases para a súa elaboración. Escena e secuencia dramática. A escada. O guión técnico e o storyboard. A posta en escena: localizacións, decorados, caracterización, interpretación, iluminación, movemento. A banda de son. A montaxe e a posproducción. Evolución e gramática.	15	20		X	
6	As linguaxes da televisión e a publicidade.	Especificidades da linguaxes televisiva e publicitaria. Simbología e técnica. As novas linguaxes e formatos televisivos a través de internet.	10	20		X	
7	A produción audiovisual: equipos humanos e técnicos.	Fases de traballo na produción audiovisual: preproducción, rodaxe e postproducción. Equipos humanos: dirección, produción, fotografía e cámara, son, arte, postproducción. Medios técnicos de realización: cámara e accesorios, microfonía, equipo de iluminación. Distribución de tarefas e selección de técnicas e ferramentas. Gravación do son, sincrónico e recreado.	18	25			X
8	A postproducción. Difusión dos contidos audiovisuais e	Principais softwares de edición non lineal. Difusión de contidos audiovisuais: redes	12	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	avaliación.	sociais, salas comerciais, espazos de exhibición alternativos, festivais cinematográficos en liña e presenciais, etc. Protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría. Técnicas e estratexias de avaliación das producións audiovisuais.	12	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A fotografía e o cinema.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Explicar os aspectos esenciais da evolución da linguaxe fotográfica e audiovisual valorando os cambios que se produciron ao longo da historia do medio.	Cofecer, dun xeito básico, a orixe e a evolución da fotografía e do cine.	PE	40
CA1.2 - Analizar as calidades plásticas, formais e semánticas de producións fotográficas e audiovisuais de distintos estilos, formatos, xéneros e culturas, determinando as regras e os códigos polos que se rexen e valorando a flexibilidade desas normas.	Ser quen de analizar minimamente as calidades plásticas e semánticas así como os códigos propios da produción audiovisual, nas súas distintas manifestacións.	TI	60
CA1.3 - Propoñer interpretacións persoais do patrimonio fotográfico e audiovisual argumentando desde un criterio estético propio.	Crear novas e sinxelas interpretacións de obras audiovisuais xa existentes, achegando de xeito creativo ideas e reflexións propias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Orixes da fotografía e do cinema: primeiros pasos nos avances tecnolóxicos e no establecemento das formas lingüísticas en ambos os medios. - Creación e evolución da fotografía e da linguaxe audiovisual. - Principais correntes en fotografía e cinema.

UD	Título da UD	Duración
2	O audiovisual na sociedade contemporánea.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Explicar os aspectos esenciais da evolución da linguaxe fotográfica e audiovisual valorando os cambios que se produciron ao longo da historia do medio.	Coñecer, dun xeito básico, a orixe e a evolución da fotografía, da televisión, da publicidade e do cine.	TI	100
CA1.2 - Analizar as calidades plásticas, formais e semánticas de producións fotográficas e audiovisuais de distintos estilos, formatos, xéneros e culturas, determinando as regras e os códigos polos que se rexen e valorando a flexibilidade desas normas.	Ser quen de analizar minimamente as calidades plásticas e semánticas así como os códigos propios da produción audiovisual, nas súas distintas manifestacións.		
CA1.3 - Propoñer interpretacións persoais do patrimonio fotográfico e audiovisual argumentando desde un criterio estético propio.	Crear novas e sinxelas interpretacións de obras audiovisuais xa existentes, achegando de xeito creativo ideas e reflexións propias.		
CA2.1 - Diseñar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, incorporando as experiencias persoais e o achegamento a outros medios de expresión.	Propoñer producións audiovisuais sinxelas propias a partir dunha proposta previa achegando experiencias e criterios persoais e tomando como referencia outros medios de expresión.		
CA2.2 - Avaliar o rigor ético e formal co que se usan as ferramentas de creación audiovisual analizando diversas producións, distinguindo criticamente os modos de presentar as informacións e as mensaxes, identificando a súa posible manipulación e reflexionando sobre a necesidade de respecto á propiedade intelectual e aos dereitos de autor.	Ser quen de avaliar minimamente con espírito crítico as distintas manifestacións audiovisuais, desde un cuestionamento ético, como poden ser a manipulación, a propiedade intelectual ou os dereitos do autor.		
CA2.3 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal.	Crear producións audiovisuais sinxelas propias empregando a linguaxe e a produción con rigor ético e formal.		
CA2.5 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir.	Ser quen de elixir con rigor, o formato e a linguaxe, duna produción audiovisual tendo en conta ó potencial público ó que vai dirixido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Orixes da fotografía e do cinema: primeiros pasos nos avances tecnolóxicos e no establecemento das formas lingüísticas en ambos os medios. - Creación e evolución da fotografía e da linguaxe audiovisual. - Principais correntes en fotografía e cinema. - A diversidade nas manifestacións fotográficas e audiovisuais contemporáneas e do pasado. Medios de comunicación convencionais e internet. - Principais formatos audiovisuais (curta, media e longametraxe de ficción, curta, media e longametraxe documental, serie, ensaio fílmico, formatos televisivos, videoclip, fashion filme, anuncio, vídeo educativo, vídeo corporativo/institucional, formatos asociados ás redes sociais, etc). Aspectos formais máis destacados. - O audiovisual na sociedade contemporánea: medios de comunicación convencionais e internet.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Composición para imaxe fixa e para imaxe en movemento. - Retoque dixital. - Funcións da imaxe audiovisual.

UD	Título da UD	Duración
3	A linguaxe audiovisual e o medios técnicos.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Diseñar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, incorporando as experiencias persoais e o achegamento a outros medios de expresión.	Propoñer producións audiovisuais propias a partir dunha proposta previa achegando experiencias e criterios persoais e tomando como referencia outros medios de expresión.	TI	100
CA2.2 - Avaliar o rigor ético e formal co que se usan as ferramentas de creación audiovisual analizando diversas producións, distinguindo criticamente os modos de presentar as informacións e as mensaxes, identificando a súa posible manipulación e reflexionando sobre a necesidade de respecto á propiedade intelectual e aos dereitos de autor.	Ser quen de avaliar con espírito crítico as distintas manifestacións audiovisuais, desde un cuestionamento ético, como poden ser a manipulación, a propiedade intelectual ou os dereitos do autor.		
CA2.3 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal.	Crear producións audiovisuais propias empregando a linguaxe e a produción con rigor ético e formal.		
CA2.5 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir.	Ser quen de elixir con rigor, o formato e a linguaxe, duna produción audiovisual tendo en conta ó potencial público ó que vai dirixido.		
CA4.3 - Planificar producións audiovisuais determinando os medios e as habilidades necesarios, tendo en conta todos os seus aspectos (guión, planificación, interpretación, gravación, edición etc.), xustificando razoadamente a súa elección e considerando os posibles imprevistos e a maneira de resolvelos.	Planificar a produción audiovisual tendo en conta guión, interpretación, gravación e edición contando cos medios necesarios, xustificando a súa elección. Resolver os posibles imprevistos que xurdan.		
CA4.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevivendo.	Saber planificar e improvisar ante os inconvenientes que podan xurdir durante o produción audiovisual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Plano, toma, ángulo visual e movementos físicos e ópticos de cámara. Tipoloxías e o seu valor expresivo. - Exposición, enfoque, encadramento, profundidade de campo, campo e fóra de campo. - Conceptos básicos sobre iluminación. - Composición para imaxe fixa e para imaxe en movemento. - Fases de traballo: preproducción, rodaxe e postproducción. - Estratexias de selección de técnicas, ferramentas e convencións audiovisuais. - Medios técnicos de realización: cámara e accesorios, microfonía, equipamento de iluminación. - Gravación do son, sincrónico e recreado. - Principais softwares de edición non lineal. - Técnicas e estratexias de avaliación das producións audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Iluminación e cor na fotografía e no cinema.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Analizar as calidades plásticas, formais e semánticas de producións fotográficas e audiovisuais de distintos estilos, formatos, xéneros e culturas, determinando as regras e os códigos polos que se rexen e valorando a flexibilidade desas normas.	Ser quen de analizar minimamente as calidades plásticas e semánticas así como os códigos propios da produción audiovisual, nas súas distintas manifestacións.	PE	20
CA2.2 - Avaliar o rigor ético e formal co que se usan as ferramentas de creación audiovisual analizando diversas producións, distinguindo criticamente os modos de presentar as informacións e as mensaxes, identificando a súa posible manipulación e reflexionando sobre a necesidade de respecto á propiedade intelectual e aos dereitos de autor.	Ser quen de avaliar con mínimo espírito crítico as distintas manifestacións audiovisuais, desde un cuestionamento ético, como poden ser a manipulación, a propiedade intelectual ou os dereitos do autor.		
CA1.3 - Propoñer interpretacións persoais do patrimonio fotográfico e audiovisual argumentando desde un criterio estético propio.	Crear novas interpretacións, dun xeito sinxelo, de obras audiovisuais xa existentes, achegando de xeito creativo ideas e reflexións propias.	TI	80
CA2.5 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir.	Ser quen de elixir con rigor, o formato e a linguaxe, dunha produción audiovisual tendo en conta o potencial público ó que vai dirixido.		
CA3.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal.	Crear producións audiovisuais sinxelas propias empregando a linguaxe, a banda de son e os medios de produción con rigor ético e formal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Realizar producións audiovisuais de maneira creativa utilizando correctamente as técnicas, ferramentas e convencións da linguaxe necesarias, valorando o traballo colaborativo e tentando conseguir un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente.	Crear producións audiovisuais sinxelas propias empregando correctamente as técnicas, ferramentas e linguaxe necesarias, valorando o traballo en equipo e tratando de obter unha solución axustada ao proxecto preparado anteriormente.		
CA4.7 - Seleccionar as vías de difusión máis adecuadas para producións audiovisuais, tendo en conta o seu propósito, valorando de maneira crítica e informada as posibilidades existentes, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor.	Saber elixir as canles de difusión máis axeitadas, atendendo ó seu propósito, desde un punto de vista ético, utilizando contornas seguras e respectando os dereitos do autor.		
CA4.8 - Analizar de maneira aberta e respectuosa a recepción das producións audiovisuais presentadas, comprobando a adecuación da linguaxe, o formato e os medios técnicos da obra, así como das vías de difusión, e extraendo diso unha aprendizaxe para o crecemento creativo.	Analizar o produto audiovisual presentado, comprobando que a linguaxe, os medios técnicos e o formato foron axeitados así como as vías de difusión, reflexionando sobre isto para futuras producións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Principais formatos audiovisuais (curta, media e longametraxe de ficción, curta, media e longametraxe documental, serie, ensaio fílmico, formatos televisivos, videoclip, fashion filme, anuncio, vídeo educativo, vídeo corporativo/institucional, formatos asociados ás redes sociais, etc). Aspectos formais máis destacados. - O audiovisual na sociedade contemporánea: medios de comunicación convencionais e internet. - Simbología e psicoloxía da cor. Uso nas grandes obras de arte da fotografía e do cinema. Exemplos de aplicación en grandes obras do cinema e da fotografía. - Retoque dixital. - Funcións da imaxe audiovisual. - A posta en escena: localizacións, decorados (volumétricos e virtuais), caracterización, interpretación, iluminación, movemento. - Estratexias de selección de técnicas, ferramentas e convencións audiovisuais. - Medios técnicos de realización: cámara e accesorios, microfonía, equipamento de iluminación.

UD	Título da UD	Duración
5	Narrativa audiovisual: contar historias a través das imaxes.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir.	Ser quen de elixir minimamente, con rigor, o formato e a linguaxe, duna produción audiovisual tendo en conta ó potencial público ó que vai dirixido.	PE	30
CA3.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal.	Crear producións audiovisuais sinxelas propias empregando a linguaxe, a banda de son e os medios de produción con rigor ético e formal.	TI	70
CA4.3 - Planificar producións audiovisuais determinando os medios e as habilidades necesarios, tendo en conta todos os seus aspectos (guión, planificación, interpretación, gravación, edición etc.), xustificando razoadamente a súa elección e considerando os posibles imprevistos e a maneira de resolvelos.	Planificar minimamente a produción audiovisual tendo en conta guión, interpretación, gravación e edición contando cos medios necesarios, xustificando a súa elección. Resolver os posibles imprevistos que xurdan.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O guión literario. Fases de elaboración. Escena e secuencia dramática. A escaleta. - O guión técnico e o storyboard. - A posta en escena: localizacións, decorados (volumétricos e virtuais), caracterización, interpretación, iluminación, movemento. - A banda de son: perspectiva sonora e posibilidades expresivas. - A montaxe e a posprodución. Evolución e gramática. - Fases de traballo: preprodución, rodaxe e postprodución.

UD	Título da UD	Duración
6	As linguaxes da televisión e a publicidade.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Avaliar o rigor ético e formal co que se usan as ferramentas de creación audiovisual analizando diversas producións, distinguindo criticamente os modos de presentar as informacións e as mensaxes, identificando a súa posible manipulación e reflexionando sobre a necesidade de respecto á propiedade intelectual e aos dereitos de autor.	Ser quen de avaliar minimamente con espírito crítico as distintas manifestacións audiovisuais, desde un cuestionamento ético, como poden ser a manipulación, a propiedade intelectual ou os dereitos do autor.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal.	Crear producións audiovisuais sinxelas propias empregando a linguaxe, a banda de son e os medios de produción con rigor ético e formal.		
CA3.2 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir.	Ser quen de elixir con rigor, o formato e a linguaxe, duna produción audiovisual tendo en conta ó potencial público ó que vai dirixido.		
CA4.8 - Analizar de maneira aberta e respectuosa a recepción das producións audiovisuais presentadas, comprobando a adecuación da linguaxe, o formato e os medios técnicos da obra, así como das vías de difusión, e extraendo diso unha aprendizaxe para o crecemento creativo.	Analizar, dun xeito básico, o produto audiovisual presentado, comprobando que a linguaxe, os medios técnicos e o formato foron axeitados así como as vías de difusión, reflexionando sobre isto para futuras producións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Plano, toma, ángulo visual e movementos físicos e ópticos de cámara. Tipoloxías e o seu valor expresivo. - Exposición, enfoque, encadramento, profundidade de campo, campo e fóra de campo. - Composición para imaxe fixa e para imaxe en movemento. - Retoque dixital. - Funcións da imaxe audiovisual. - O guión literario. Fases de elaboración. Escena e secuencia dramática. A escaleta. - O guión técnico e o storyboard. - A posta en escena: localizacións, decorados (volumétricos e virtuais), caracterización, interpretación, iluminación, movemento. - A banda de son: perspectiva sonora e posibilidades expresivas. - A montaxe e a posprodución. Evolución e gramática. - As linguaxes da televisión e a publicidade. - Fases de traballo: preprodución, rodaxe e postprodución. - Estratexias de selección de técnicas, ferramentas e convencións audiovisuais. - Principais softwares de edición non lineal. - Difusión de contidos audiovisuais: redes sociais, salas comerciais, espazos de exhibición alternativos, festivais cinematográficos en liña e presenciais etc. Protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría. - Técnicas e estratexias de avaliación das producións audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
7	A produción audiovisual: equipos humanos e técnicos.	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais, téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevivendo.	Saber planificar e improvisar minimamente ante os inconvenientes que podan xurdir durante o produción audiovisual.	TI	100
CA4.2 - Confeccionar adecuadamente os equipos de traballo para producións audiovisuais colectivas, identificando as diferentes habilidades requiridas e repartindo as tarefas con criterio.	Ser quen de coordinar e organizar un equipo de traballo, dun xeito sinxelo, para unha produción audiovisual que resulte funcional, repartindo as tarefas segundo as habilidades de cada membro.		
CA4.5 - Realizar producións audiovisuais de maneira creativa utilizando correctamente as técnicas, ferramentas e convencións da linguaxe necesarias, valorando o traballo colaborativo e tentando conseguir un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente.	Crear producións audiovisuais sinxelas propias empregando a linguaxe e a produción con rigor ético e formal.		
CA4.6 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir.	Ser quen de elixir cun mínimo de rigor, o formato e a linguaxe, duna produción audiovisual tendo en conta o potencial público ó que vai dirixido.		
CA4.8 - Analizar de maneira aberta e respectuosa a recepción das producións audiovisuais presentadas, comprobando a adecuación da linguaxe, o formato e os medios técnicos da obra, así como das vías de difusión, e extraendo diso unha aprendizaxe para o crecemento creativo.	Analizar o produto audiovisual presentado, dun xeito básico, comprobando que a linguaxe, os medios técnicos e o formato foron axeitados así como as vías de difusión, reflexionando sobre isto para futuras producións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Conceptos básicos sobre iluminación. - Equipos humanos de traballo na produción audiovisual: dirección, produción, cámara/fotografa, son, arte, postprodución. - A distribución de tarefas na produción audiovisual: criterios de selección a partir das habilidades requiridas. - Fases de traballo: preprodución, rodaxe e postprodución.

UD	Título da UD	Duración
8	A postprodución. Difusión dos contidos audiovisuais e avaliación.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Avaliar o rigor ético e formal co que se usan as ferramentas de creación audiovisual analizando diversas producións, distinguindo criticamente os modos de presentar as informacións e as mensaxes, identificando a súa posible manipulación e reflexionando sobre a necesidade de respecto á propiedade intelectual e aos dereitos de autor.	Ser quen de avaliar con espírito crítico as distintas manifestacións audiovisuais, desde un cuestionamento ético, como poden ser a manipulación, a propiedade intelectual ou os dereitos do autor.		
CA4.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal.	Crear producións audiovisuais propias empregando a linguaxe e a produción con rigor ético e formal.		
CA4.3 - Planificar producións audiovisuais determinando os medios e as habilidades necesarios, tendo en conta todos os seus aspectos (guión, planificación, interpretación, gravación, edición etc.), xustificando razoadamente a súa elección e considerando os posibles imprevistos e a maneira de resolvelos.	Planificar a produción audiovisual tendo en conta guión, interpretación, gravación e edición contando cos medios necesarios, xustificando a súa elección. Resolver os posibles imprevistos que xurdan.		
CA4.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevivendo.	Saber planificar e improvisar ante os inconvenientes que podan xurdir durante o produción audiovisual.	TI	100
CA4.6 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir.	Ser quen de elixir con rigor, o formato e a linguaxe, duna produción audiovisual tendo en conta ó potencial público ó que vai dirixido.		
CA4.7 - Seleccionar as vías de difusión máis adecuadas para producións audiovisuais, tendo en conta o seu propósito, valorando de maneira crítica e informada as posibilidades existentes, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor.	Saber elixir as canles de difusión máis axeitadas, atendendo ó seu propósito, desde un punto de vista ético, utilizando contornas seguras e respectando os dereitos do autor.		
CA4.8 - Analizar de maneira aberta e respectuosa a recepción das producións audiovisuais presentadas, comprobando a adecuación da linguaxe, o formato e os medios técnicos da obra, así como das vías de difusión, e extraendo diso unha aprendizaxe para o crecemento creativo.	Analizar o produto audiovisual presentado, comprobando que a linguaxe, os medios técnicos e o formato foron axeitados así como as vías de difusión. Reflexionar sobre todo isto para futuras producións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións da imaxe audiovisual. - Estratexias de selección de técnicas, ferramentas e convencións audiovisuais. - Medios técnicos de realización: cámara e accesorios, microfonía, equipamento de iluminación. - Gravación do son, sincrónico e recreado.

Contidos

- Principais softwares de edición non lineal.
- Difusión de contidos audiovisuais: redes sociais, salas comerciais, espazos de exhibición alternativos, festivais cinematográficos en liña e presenciais etc. Protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría.
- Técnicas e estratexias de avaliación das producións audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de Cultura Audiovisual desenvolverá o seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo nas aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos apartados seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

O fomento no alumnado da exploración a través da linguaxe fotográfica e audiovisual utilizando todos os medios dispoñibles, que poderán abarcar desde cámaras estenopecas fabricadas polo alumnado, ata teléfonos móbiles e ordenadores, pasando por todo o equipamento propio dunha produción audiovisual que o centro poida proporcionar, coñecendo e dominando conceptos básicos como a exposición, o enfoque, o encadramento e a profundidade de campo como elementos clave necesarios para dominar os conceptos básicos da linguaxe visual.

O uso de distintos métodos e situacións de aprendizaxe que teñan en conta os diferentes ritmos do alumnado, que favorezan a súa capacidade autónoma de aprendizaxe e que promovan o traballo en equipo, tendo en conta as áreas de interese do alumnado e a súas referencias culturais baixo unha visión estimulante e inclusiva e aprendendo a valorar a importancia do proceso, o tratamento da imaxe e o retoque dixital na linguaxe audiovisual.

A participación en diversas tarefas durante unha mesma proposta de creación co aumento gradual da complexidade, co fin de favorecer o progreso de actitudes como a apertura, o respecto, e o afán de superación e mellora.

O fomento no alumnado da utilización dun razoamento lóxico e da análise e xuízo crítico, nas producións alleas e nas súas propias, o que contribuirá á súa formación integral e o desenvolvemento da humildade, da madurez emocional, persoal e académica, da autoconfianza e da socialización; en definitiva, o desenvolvemento da súa intelixencia emocional.

A potenciación do desenvolvemento de competencias que lle permitan ao alumnado un encontro coa creación audiovisual, impulsando a mirar, actuar e facer doutro xeito, estimulando unha conduta creativa que parta de recursos propios e referentes culturais e artísticos especificamente audiovisuais e implicándoo emocional e intelctualmente coa linguaxe que define a nosa época.

A inclusión de contidos transversais referidos á creación de proxectos sostibles, ao consumo eléctrico responsable a intervención mínima no espazo de traballo natural e á seguridade no desempeño das tarefas, o que contribuirá a unha formación global e a unha educación ambiental do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador de sobremesa
Cámara de fotos réflex.
Proxector conectado ao ordenador.
Pantalla de croma.
Aula virtual
Programas de edición de imaxe e son.
Materias dos polos creativos ; radio, video, aro selfie, ...etc

A materia impartirase na aula específica de Debuxo e nunha aula taller (no salón de actos na zona polos creativos) con espazos diferenciados, na que se poden realizar traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, compartir información cos compañeiros/as, traballar en equipo, etc. As filmacións e tomas de imaxes poderanse realizar tamén noutros espazos do centro.

O alumnado deberá contar cos dispositivos de captura de imaxes e programas de edición que indique o profesor.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PUNTO DE PARTIDA:

É importante para o docente de Cultura Audiovisual coñecer o punto de partida do seu alumnado para poder tomar decisións no caso de ter que mellorar algunha habilidade ou competencia. Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e de cada un dos alumnos/as que o integran, e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización del aula, así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

Os aspectos sobre os que podemos recoller información para poder mellorar o rendemento poderían ser:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades, manexo de distintos soportes e formatos audiovisuais...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe, traxectoria...
- Contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

3. INTERVENCIÓN:

Unha vez analizada a información recollida, tomaranse decisións sobre os seguintes adaptacións;

- Respecto á forma de traballar na aula (en equipo, con axuda do profesor...).
- Respecto a aspectos organizativos (tempos, ferramentas...)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	12	9	15	10	18	12	100
Proba escrita	40	0	0	20	30	0	0	0	11
Táboa de indicadores	60	100	100	80	70	100	100	100	89

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

Haberá 3 avaliacións parciais correspondentes con os tres trimestres do curso, dacordo ao calendario de avaliacións aprobadoo polo Claustro de Profesores e o Consello Escolar do IES.

Os procedementos de avaliación serán o máis amplos e sistemáticos posibles para avaliar tanto o “entender” e o “saber ver” como o “saber facer”. Consideramos que é moi importante o seguimento do alumno no aula, a recollida de información sobre a súa responsabilidade, interacción co grupo, actitude e traballo. Os exercicios prácticos da aula e da casa permitirán avaliar esas sinerxias do aprendizaxe, así como a creatividade e capacidade expresiva do alumnado. As probas orais ou escritas avaliarán o acadamento conceptual dos contidos e o das competencias relacionadas coas distintas unidades. Todos os traballos do alumnado serán expostos na aula e no caso de non ser posible farase a exposición dunha selección dos mesmos.

A definición dos procedementos e instrumentos procurará o uso de elementos que contemplan:

A resolución de encargos/proxectos que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas e actitudes.

- Estratexias de participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoevaluación, a avaliación entre iguais ou a coevaluación.

- Actividades de tipo colaborativo e desde a colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensino-aprendizaxe.

En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, o blog individual, blog de clase, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente e moi transparente para toda a comunidade educativa: alumnos, pais, profesores e mesmo o servizo de inspección educativa.

Criterios de recuperación:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

A parte de avaliación derivada de traballos prácticos (Traballos, comentarios de imaxes, filmes etc.), avaliaranse coa media aritmética (ponderada pola súa extensión e/ou dificultade se fora o caso) de todos os exercicios encargados polo/a profesor/a, tanto os feitos de xeito individual como os feitos en grupos de traballo.

Estes exercicios prácticos, que integrarán contidos conceptuais e competenciais, deberán de entregarse nas datas fixadas, a demora na entrega poderá supoñer unha rebaixa na cualificación a criterio do profesor de ata 5 puntos

sobre 10; en retrasos non xustificados, e puntuaranse de acordo coa seguinte ponderación :

Capacidade de análise conceptual 20%

Resolución dos proxectos en tempo e forma 60%

Esmero de presentación e aspecto profesional (presentación na aula) 20%

O acadamento de obxectivos conceptuais e, tamén, dalgúns dos logros competenciais do curriculum, avalíaranse mediante unha proba obxectiva que se efectuarán ao final de cada avaliación.

A participación e colaboración, o compromiso coa propia formación, a disposición ao esforzo, o coidado do material, iniciativa investigadora, etc., avalíaranse mediante a observación directa do alumno-a. A presentación das tarefas fora de prazo e a non asistencia sen xustificación a clase supón a perda do 10% da nota relativa a compoñentes procedimentais e actitudinais.

A nota final de cada avaliación conformarase cos resultados das valoracións antes descritas e coa ponderación seguinte :

Traballos 90%

Compoñentes procedimentais e actitudinais 10%

Ao alumnado que non supere algunha avaliación proporánselle traballos alternativos para recuperar a parte de materia na que non se acadaron os niveis de estándares de aprendizaxe mínimos previstos. Farase ademais unha proba teórica ou teórico-práctica que obterá como máximo a cualificación dun 6 sobre 10 e se valorará xunto cos traballos entregados e as compoñentes actitudinais de do/a alumno/a.

A nota final da avaliación ordinaria de xuño será a media da das tres avaliacións, debendo acadar como mínimo o 5 para aprobar a materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas

SEGUIMIENTO PERIÓDICO:

Ao alumnado que non supere algunha avaliación proporánselle traballos alternativos para recuperar a parte de materia na que non se acadaron os niveis de estándares de aprendizaxe mínimos previstos. Farase ademais unha proba teórica ou teórico-práctica que obterá como máximo a cualificación dun 6 sobre 10 e se valorará xunto cos traballos entregados e as compoñentes actitudinais de do/a alumno/a.

O alumnado que curse o segundo curso de bacharelato e estea matriculado nesta materia por non tela superada con anterioridade, poderá recuperala seguindo un plan de actividades ao que o alumnado terá acceso, preferiblemente a través da Aula Virtual do centro.

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase a través de 2 ou 3 entregas de traballos prácticos,

- Realización e presentación de prácticas e propostas creativas: 100%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesor/a en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que as prácticas e propostas creativas sexan entregadas nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

PROBA FINAL E PROBA EXTRAORDINARIA:

A nota final da avaliación ordinaria de xuño será a media da das tres avaliacións, debendo acadar como mínimo o 5 para aprobar a materia.

O alumnado poderá presentarse a unha proba final ordinaria e a unha extraordinaria, que consistirá na elaboración

dunha proba teórica, na que se avaliará o seu grao de consecución dos contidos mínimos esixibles.

Neste caso, a cualificación final do curso será a nota desta proba, que se cualificará segundo os seguintes instrumentos de avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Na materia de Cultura audiovisual de 1º de Bacharelato debemos partir da idea de que a aula é un conxunto de diversidade e tamén do principio de individualización do ensino. Polo tanto, temos que identificar e adaptar a nosa metodoloxía a estas particularidades.

Tendo en conta isto, e recoñecendo que nunha aula pode haber multitude de circunstancias dispares, temos que ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das Unidades Didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Cada curso, como docentes de Cultura audiovisual, podemos enfrontarnos ó reto de ter alumnos con todo tipo de discapacidade, desde visuais e auditivas, ata motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado procedente do extranxeiro, recentemente incorporado ó noso sistema educativo, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ós alumnos de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, debemos partir dunha avaliación inicial para coñecer ó noso alumnado, a continuación as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación do currículo encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certos alumnos/as.

- En caso de que un/ha alumno/a non acade os obxectivos mínimos trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación da aprendizaxe, non só exames.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima. É interesante aproveitar as actividades fóra da aula para acadar unha boa cohesión e integración do grupo.
- En caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, realizaremos adaptacións de accesibilidade ó currículo así como recursos de apoio que o favorezan.
- Os alumnos con discapacidade que poidan ser escolarizados disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Se un alumno require ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado se sinta máis arroupado e poida desenvolver distintos roles.

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.

- Unha frecuente comunicación coas familias resulta un recurso crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Dispoñemos de plans de acollida ó alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución.

- No caso de alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo podería optar á prolongación da escolaridade a través da fragmentación, dividindo os cursos en dous ou tamén habería a posibilidade de realizar o bacharelato en tres cursos, sempre que se favoreza a integración socioeducativa deste alumnado e lle permita a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. En todo caso sempre será decisión do departamento de Orientación en colaboración co equipo directivo e os profesores do grupo.

- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X			X	X		
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X			X	X		
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.					X		X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X		X	X	X		X
ET.7 - Educación emocional e en valores.		X			X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.		X			X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.			X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.10 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.							X	X
ET.11 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.		X		X		X	X	X
ET.12 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X		X		X	X	X
ET.13 - Espírito emprendedor e iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.			X	X	X	X	X	X

Observacións:

Fomentaremos as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar os elementos transversais citados.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
- Visitas a espazos expositivos ou empresas da contorna.	Visitas guiadas a exposicións en museos, salas de exposicións, estudos de filmación, etc., preferiblemente con actividades que completen a visita.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
- Visitas virtuais a espazos expositivos ou empresas.	Visitas guiadas a espazos expositivos, a través de internet, para presentar exposicións temporais ou coleccións permanentes. Estas visitas virtuais son unha boa porta de entrada a coñecer os espazos museísticos menos accesibles ao alumnado.	X	X	X
- Charlas informativas relacionadas cos distintos intereses do alumnado.	Pode tratarse de profesionais en activo, antigos alumnos/as do centro que empezan a súa carreira laboral, estudantes...	X		
- Participación en distintos premios e concursos vinculados á nosa área.	Pode tratarse de certames tanto de dentro como de fóra do centro.	X	X	X
- Participación en proxectos interdisciplinarios, en colaboración con distintos departamentos.	As actividades do noso departamento responderán tanto a propostas propias, como ás do Departamento de Actividades Extraescolares, que as coordina, como ao Equipo de Biblioteca e o de Dinamización da Lingua Galega. Podemos participar en proxectos creativos como a revista escolar, realización de murais, ilustracións de textos, exposicións de traballos...	X	X	

Observacións:

As actividades planificaranse a principio de curso na medida do posible.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Anoto as modificacións na programación que se consideren pertinentes cada curso (temporalización, criterios avaliación, contidos...)
Dou a coñecer o primeiro día de clase os elementos básicos da programación e os criterios de avaliación que terán dispoñibles durante todo o curso.
Dou a coñecer en cada unidade a estrutura do que se vai tratar e o que o alumnado terá que traballar.
Dou a oportunidade ó alumnado de traballar individualmente, en parella o por grupos de diferentes membros.
Propoño diferentes tipos de tarefas na aula: dirixidos, pechados, voluntarios, proxectuais, prácticas cara o exame, presentacións...
Aplico distintos recursos na aula: lección maxistral, presentacións, documentais, vídeos, libros de texto, apuntamentos, páxinas web, blogs...
Animo ó alumnado a participar en debates na clase, durante as explicacións, proxeccións cinematográficas, presentacións...
Motivo aos alumnos que teñen maiores coñecementos para que servan de guía para os seus compañeiros.
Teño en conta a diversidade da aula na programación e no día a día da clase e nas diferentes tarefas organizadas.
Trato de axudar e encamiñar ó alumnado que empeza a descolgarse desde principio de curso con explicacións individuais e tarefas voluntarias de práctica.

Valoro ao fin de cada unidade didáctica e de cada trimestre se os resultados foron axeitados así como a temporalización e a idoneidade dos recursos.
Utilizo distintos tipos de probas á hora de avaliar para valorar as distintas destrezas do alumnado.
Teño en conta o avance do alumnado e o punto de partida ademais da nota final.
Avalio tamén as competencias e non só os contidos.
Trato de buscar unha solución ós malos resultados cara as seguintes avaliacións ou tarefas avaliábeis.
Poño exemplos de tarefas ben resoltas por alumnado de outros cursos para que lle servan de guía ó alumnado.
Implemento rúbricas nos exercicios prácticos para que o alumnado poda coñecer os aspectos que se avalían.
Controlo que o emprego da aula virtual sexa axeitado por parte do alumnado e que acceden regularmente aos contidos e fan as entregas seguindo as instrucións dadas.

Descrición:

Para poder avaliar a nosa práctica docente é necesario establecer indicadores de logro como os mencionados, deseñar procedementos axeitados para recoller os datos e as reflexións ó respecto, analizar os resultados obtidos e propoñer melloras cara a outros trimestres ou cara ó próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento. Merece especial reflexión a modificación ou non dos criterios de avaliación en relación aos resultados obtidos no curso anterior.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado, e en cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación. Durante o curso farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso faranse constar en reunións de departamento.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

Lembremos que a programación, e especialmente, os criterios de avaliación, deben ser accesíbeis para o alumnado. Podemos mostrala a través da aula virtual do centro e da materia.

9. Outros apartados